



CRITERIOS DE SELECCIÓN de ALUMNADO PARA MOBILIDADES NO ESTRANXEIRO

Para a selección do alumnado e persoal que participa neste tipo de accións, establécense unha serie de criterios que se dividen en:

1. Criterios xerais

Os criterios xerais de selección de alumnado serán os seguintes:

Valoración do equipo docente do alumnado candidato: Os equipos docentes valorarán as candidaturas de cada grupo tendo en conta aspectos como a actitude, a capacidade técnica, a motivación, a responsabilidade ou a madurez que amosa o alumnado. A valoración realizarase nunha ficha deseñada para este fin. É imprescindible a participación dun mínimo do 50% do equipo docente, e sempre coa participación daquel profesorado que imparta os módulos de carácter práctico.

Coñecementos sobre o idioma ou idiomas requiridos para cada programa ou acción. Valorarase a nota obtida na/s lingua/s estranxeiras no caso dos ciclos que inclúan idiomas no seu currículo. En caso necesario o profesorado de idiomas valorará a competencia do alumnado no idioma establecido a través de entrevista e/ou proba lingüística.

Expediente académico: Terase en conta o expediente académico do alumnado, sendo imprescindible para a participación no programa de FCT no estranxeiro non ter ningún módulo pendente.

Deberá haber **consenso no equipo docente** no caso de que un alumno-a obteña 1 punto en algún dos apartados, xa que isto implicaría a baixa no proceso.

Quedarán **excluído de participar** o alumnado que lle sexa aplicada algunha corrección por condutas contrarias á convivencia do centro e que sexa susceptible de corrección durante o curso lectivo.

2. Criterios específicos do programa do que se trate

Ademais dos criterios xerais, o centro poderá establecer uns **criterios específicos** relacionados co programa para o que se opte e que veñan derivados das circunstancias específicas de cada mobilidade. Estes criterios faranse públicos antes do comezo de cada proceso de selección.

Cada proceso de selección será publicitado no centro e será realizado de xeito transparente, equitativo e documentado, tal e como esixe o SEPIE e a CE.

2.a. Criterios de selección de alumnado que solicite bolsas para mobilidades ao estranxeiro dos Ciclos Superiores de Dirección de Cociña e de Dirección de Servizos de Restauración e do ciclo medio de Servizos en Restauración e Ciclo Básico de Cociña e restauración





- **40% expediente académico:** nota media de todos os módulos cursados xa avaliados de 1º e 2º curso.
- **10% nivel de idioma:** Basearase na nota media do módulo/s cursado/s. Se fose preciso, farase unha proba complementaria.
- **50% nota media da valoración do equipo docente de 1º e 2º curso en base os seguintes puntos:** Grao de idoneidade, Capacidade técnica, Actitude, Responsabilidade demostrada, Nivel de motivación.

2.b. Criterios de selección de alumnado que solicite bolsas para mobilidades ao estranxeiro dos ciclos superiores de Xestión de Aloxamentos Turísticos, e de Guía, Información e Asistencia Turísticas

- **20% expediente académico:** nota media de todos os módulos cursados xa avaliados de 1º e 2º curso.
- **50% nivel de idioma:** Basearase na nota media do módulo/s cursado/s. Se fose preciso, farase unha proba complementaria.
- **30% nota media da valoración do equipo docente de 1º e 2º curso en base os seguintes puntos:** Grao de idoneidade, Capacidade técnica, Actitude, Responsabilidade demostrada, Nivel de motivación.

2.c. Criterios de selección de alumnado que solicite bolsas para mobilidades ao estranxeiro do ciclo medio de Cociña e Gastronomía e do ciclo medio de Panadaría, Repostaría e Confeitaría

- **50% expediente académico:** nota media de todos os módulos cursados xa avaliados de 1º e 2º curso.
- **0% nivel de idioma:** Se fose preciso, farase unha proba complementaria.
- **50% nota media da valoración do equipo docente de 1º e 2º curso en base os seguintes puntos:** Grao de idoneidade, Capacidade técnica, Actitude, Responsabilidade demostrada, Nivel de motivación.

